

5.

**Un exemplo de literatura fantástica**

[...] a seguinte vítima foi o sensíbel Siringo [...] O corpo foi atopado polo seu amigo o centauro Ar, que vendo que pasaba o tempo e o satiriforme non se incorporaba aos labores da súa incumbencia, saíu na súa procura [...]

Aquilo foi un golpe moi duro para toda a Fundación, pois Siringo era un residente moi querido por todos. Tanto polo resto dos mixtos coma polo persoal empregado. Pero máis duro foi para Ar, e tamén para Li e Manancial García, e para Auguiña, unha linda centáurea poni coa que ultimamente tiña amores [...]

O que máis chamaba a atención verbo do comportamento daquel Mal invisíbel era que os cadáveres aparecían sen gota de sangue no corpo [...] e que uns sons eran percibidos pola xente que estivera preto das vítimas. Algo así coma un escuro rumor tralo silencio [...]

O causante do Mal que se declarara había un tempo era o arboredo transxénico incontrolado que se estivera a plantar nos últimos anos [...] Levárase tan ao límite a procura do desenvolvemento das especies arbóreas que se chegara a manipulacións xenéticas terriblemente aventuradas [...] creáranse uns monstros polixénicos que chegan a requirir para un crecemento rápido, dunha alimentación máis complexa que logre o desenvolvemento vertixinoso para o que foron concibidos. E sen dúbida debido á súa xenética animal, converténdose en cazadores. Desá maneira pasaban a atacar o gando e as persoas extraéndolles todo o seu compoñente líquido.

Isidro Novo: *Un escuro rumor tralo silencio*

*Manancial García dirixe unha Fundación Parahumana onde acolle a todos os seres mixtos, refuxiados alí tras fuxiren dos seus amos que os escravizaban como mascotas válidas para todo tipo de explotación humana (centauros, sátiros, sereas). A xente de Clunia desprázase en heliomóviles ou heliobuses escapando dun Mal endémico que acaba coa vida dos máis apegados ao campo ou a zonas rurais. O causante deste Mal é a manipulación xenética que os científicos de fins do século XXI empregan para conseguir un progreso desmedido froito da cobiza e da ambición empresarial.*

6.

Primeiro chegaron os cataláns, fixérono antes que os galegos e logo de outros, suxeitos a un contrato de cinco anos que contemplaba un soldo que era xustamente a metade do que percibía un negro libre. Chegaron e fixeron fracasar o poxecto branqueador de Miguel Estorch, un dos seus. Dalí a pouco pasaron a ocuparse en labores máis dignos e mellor remunerados. Convertéronse en campesiños por conta propia ou en artesáns con ou sen negocio aberto. Non quixeron traballar dezaioito horas ó día como facían os escravos [...]

Entón si chegaron os galegos, mercados, ata había apenas nada, por oitenta pesos cada un, pra seren vendidos nada máis baixar do barco ó chegar á Arxentina. Agora son os arxentinos os que chegan a Galicia. A Historia, por non dicir a vida, é unha gran pendona.

Chegaron os galegos, traídos da man dun colega de Estorch, como antes fixeran os lukumís e os iorubas, os congos e os mandingas, os carabalís, os ebriés e mais os gangas. Traizoados por xentes propias que os enganaran aínda nas distantes terras da África occidental e atlántica. Ouh, o galego, esoutro sangue do meu sangue, que agora chegaba á Illa, pese a todo, tan amada! Amada por min que, xa o ven, á fin e ó cabo son galego. Por iso falo e digo canto digo.

Urbano Feixoo Soutomaior, deputado a Cortes por Ourense, presentou un proxecto na Capitanía Xeral no 1853. Acórdanse do que fixera, dez anos antes, o avó da miña avoa lukumí? Aforcárase xunto con corenta e dous dos seus. Morreran pendurados das árbores ó non aturar a escravitude. O tempo é unha gran mentira. Non transcorre. Todo el é un marasmo indescribible.

Pois ben, máis ou menos, por aqueles mesmos anos de mediados do século XIX, este don Urbano, cuxa memoria ogallá deus maldiga, organizou unha sociedade patriótico-mercantil que se obrigaba a levar os galegos emigrados deica Cuba. O patriótico mercantilismo ó que se obrigaba ofrecíao a cambio do abono da pasaxe e da entrega, unha vez cada seis meses, de tres camisas, un pantalón e unha chabrea, dun sombrero de iarei e dun par de zapatos. Diso e de atoparlles un emprego, por menos de seis pesos mensuais, durante un tempo non maior de cinco anos. Seis pesos mensuais. Menos aínda cós cataláns e menos aínda da metade do que cobraba un negro liberado, pero suxeitos de tal maneira os galegos que non había posibilidade ningunha de que visen rescindidos os seus contratos.[...]

O contrato que firmou máis dun galego [...] dicía:

Eu, N.N., confórmome co salario estipulado, malia que saiba e me conste que é moito maior o que gañan os xornaleiros libres da Illa de Cuba; porque esa diferenza xúlgoa compensada por outras vantaxes que me ha proporcionar o meu patrón e coas que aparecen no contrato.

Todo a cambio de seis pesos mensuais, cando o aluguer dun negro na Habana era por aquel entón de vinte a vinte e cinco pesos mensuais. Ouh, os galegos!

Alfredo Conde: *Lukumí*

*Unha primeira persoa narrativa explica, nunha linguaxe irónica e dirixíndose directamente a un lector implícito (acórdanse de...) as condicións de vida dos galegos emigrados que por circunstancias eran levados a Cuba, nun réxime de escravitude xa que o traballo que debían facer era moito e a remuneración e melloras escasísimas para levar unha vida digna. No contrato que asinaban ao chegaren á Illa confiaban na boa predisposición do patrón (esa diferenza xúlgoa compensada por outras vantaxes que me ha proporcionar o meu patrón), vantaxes que nunca chegarían a ver como deixa entrever este narrador crítico e irónico.*

**ACTIVIDADES**

1. Cres que hoxe en día a persoa que fai literatura galega faino debido á súa militancia galeguista?
2. Un escritor galego pode ou debe ser bilingüe? Que opinas dos escritores galegos que despois de seren recoñecidos na narrativa galega comezan a publicar en castelán?
3. Un escritor de éxito en galego, debe ser traducido a outras linguas como o español?
4. Para quen escriben os autores galegos? Pensan nun lector ideal? Acaso con conciencia galeguista?
5. Cres que é imprescindible o mecenado de institucións oficiais para que o libro estea na rúa?
6. Cres que é posible a profesionalización do escritor, é dicir, a dedicación exclusiva á literatura?
7. Reflexiona sobre as consecuencias que a incorporación do galego aos plans de estudo trouxo para a narrativa galega.
8. Cales cres que son as diferenzas entre o xénero narrativo e o poético?
9. Inflúen os premios no tipo de narrativa que se fai?
10. Cres que prima un criterio conservador á hora de premiar unha obra?
11. Que opinións da literatura en Internet?